



PLAN DIXITAL

Ceip Plurilingüe Chano Piñeiro

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Ceip Plurilingüe Chano Piñeiro

Rúa Pousa de Fontán S/N

Correo electrónico: ceip.chano.pinheiro@edu.xunta.gal

Páxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipchanopinheiro/>

Centro que imparte Ed. Infantil e Ed. Primaria

N.º de alumnado: 266 alumnos e alumnas.

Profesorado do centro: 27 mestras e mestres.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

É necesario contemplar neste plan os diferentes aspectos e retos que as TIC supoñen para o centro educativo de cara a integralas no traballo cotián na aula tendo en conta os medios necesarios e o grao de formación e competencia do profesorado e do alumnado. Desta situación inicial parten os obxectivos e accións que serán desenvoltas neste documento .

1.2.1 Contexto socioeconómico e cultural:

O centro atópase en Mañufe parroquia de Gondomar que é un concello que pola súa proximidade a Vigo, Nigrán e Baiona ten unha poboación que vive fundamentalmente da industria ou relacionada co sector da pesca e da gandería e co sector servizos. A meirande parte do noso alumnado está ligado ao concello porque procede de Gondomar, de Vilaza e de Mañufe. Tamén recibimos alumnado doutras parroquias do concello. Ademais pola súa proximidade a Baiona, Nigrán e Tomiño, recibimos algún alumnado destes concellos case sempre por motivos laborables. O Concello conta cunha zona máis urbana que é o centro e outras zonas máis rurais inda que a meirande parte das familias viven da industria e traballan en Vigo e arredores. Podemos dicir que o nivel socio-económico do noso alumnado é medio.

No Concello destacamos a biblioteca do Concello, o Conservatorio municipal, unha escola deportiva, unha gardería pública, dous institutos públicos, unha aula do Espazo Lectura, a escola de música de Vincios, as actividades culturais que se desenvolven nos centros culturais das parroquias e o centro de desenvolvemento local onde se ofertan actividades culturais e deportivas para alumnado e familias de índole variada. Moito do noso alumnado participa nas actividades ofertadas polas escolas de baile e de patinaxe do Concello, nas propostas académicas do conservatorio municipal, nas da escola deportiva e na escola de música de Vincios.

Por outra banda nas parroquias lindantes temos varios centros educativos, o CEIP Souto Donas, CEP Neira Vilas, CRA Antía Cal, CEP Serra Vincios o CPR San Xosé e os IES Terra de Turonio e Auga da Laxe.

Unidades:

O centro conta con 4 unidades de E.I. e 12 unidades de E.P.

Instalacións do centro:

Consta dun edificio principal ao que se lle anexionou outro. No primeiro andar sitúase a zona administrativa, o despacho da XDO, a sala do profesorado, a biblioteca, as aulas de EI, dúas de EP, a de AL, inglés, TIC, psicomotricidade, o comedor e un espazo utilizado pola ANPA para reunións. No segundo andar temos aseos e aulas de EP, EM, PT e de R. Católica que tamén se usa como unha segunda aula de TIC.. A biblioteca e comedor utilízanse puntualmente coma salas de exposicións, celebracións de festas, conmemoracións ou lugar de xogos durante os días de choiva. Ten dous patios cubertos para alumnado de EP, un patio para EI, pista polideportiva, ximnasio e un polideportivo.

Profesorado do centro:

Contamos cun cadro de profesorado preocupado pola súa formación e disposto a participar e colaborar en novos proxectos. O catálogo de postos de traballo é : 11 de EP, 1 de Francés, 5 de EI, 2 de L. Estranxeira Inglés, 2 de EF, 1 de EM, 1 de AL, 1 de PT, 1 Xefatura do Departamento de Orientación (XDO), 1 mestra de R.Católica á xornada completa e outra mestra compartida cos CEIP Carlos Casares de Nigrán.

Horario do centro:

O horario lectivo será de de 09:00h a 14.00 h. O Centro abrírase ás 08:45 h.

Horario complementario fixo do profesorado: Martes de 15:30h a 18.30 h.

Ademais o profesorado permanecerá no centro tódolos días de luns a venres de 08:40 a 09:00.

O resto do horario complementario fixo semanal realizarase por quendas de luns a venres no horario de 16:00h á 18:00h (agás os martes).

Apertura da biblioteca ao alumnado, os que acudan á biblioteca escolar permanecerán custodiados polo profesorado de 16:00 a 18:00 horas.

1.2.2. Contexto global das TIC na sociedade e no ensino.

No momento actual a expansión, popularización e diversificación das TIC está a mudar os hábitos no seu uso e acadando espazos nos que tradicionalmente estaban ausentes. Por unha banda, o novo alumnado, nativo dixital, convive con consolas de xogos, dispositivos móbiles, SmartTV, e moitos outros dispositivos conectados e/ou informatizados.

O uso da internet está a medrar e ter presenza en moitos dispositivos das nosas vidas e das nosas casas. O deseño dos dispositivos móbiles e dos diferentes dispositivos conectados está pensado para que sexan de manexo doado e intuitivo. A vantaxe de uso que supón esta circunstancia presenta certas limitacións ao agochar aspectos esenciais para un uso

verdadeiramente competente, responsable e consciente das súas posibilidades de traballo e dos riscos que levan asociados.

De feito, son moitos os casos de baixos niveles de seguridade na implantación tanto a nivel hardware como de software de todo tipo de dispositivos por parte dos fabricantes, máis pendentes da facilidade do manexo que de proporcionar niveis de seguridade aceptables.

Neste Plan Dixital realizamos as propostas de actuacións e actividades necesarias para garantir un adecuado nivel de competencia no manexo das novas tecnoloxías na comunidade educativa.

1.2.3. Traxectoria do centro no uso das TIC.

A aula de informática está prevista inicialmente o referente no uso das TIC no noso centro. No resto de dependencias do centro o equipamento informático limitábase a uns poucos equipos portátiles, e a equipos comúns nas salas de profesorado, dirección e xefatura de estudos e á dotación necesaria na secretaría.

Co paso dos anos, sendo necesaria a ampliación da dotación material inicial desenvolvéronse diversas actuacións para melloralas sendo as máis salientables as seguintes:

- O centro mercou diferentes equipos portátiles para crear un carro, que se poida mover nos cursos máis altos de Ed. primaria.
- Empezouse a dotar de equipos unha aula de inglés.
- Fixéronse actividades de formación formais e informais de cara a mellorar a competencia do profesorado en diferentes aspectos (manexo de programas informáticos, internet e correo electrónico, creación de materiais educativos, aplicacións informáticas, aula virtual, etc).
- Púxose en marcha a páxina web do centro no servidor da xunta para dar a coñecer as actividades do mesmo e como canle de información coas familias e o alumnado.
- Fixéronse actividades de formación do profesorado sobre o manexo do encerado dixital.
- O centro presenta o Proxecto para a incorporación das TIC no proceso educativo, no mes de setembro.
- Incorporáronse progresivamente equipos informáticos para o profesorado e proxectores en tódalas aulas.
- Integrouse na páxina web do centro a aula virtual e fixéronse actividades de formación no manexo da mesma.
- O centro incorpórase ao proxecto Edixgal, sendo dotado con portátiles de alumnado en 5º e 6º de primaria.
- Fixéronse actividades de formación de cara ao correcto manexo do equipamento e á súa integración nas actividades educativas.
- Instalouse o sistema Linux Live ABALAR na maior parte dos equipos do centro.
- O centro incorpórase ao proxecto E-Dixgal que facilita equipos portátiles e o libro dixital ao alumnado.
- Actualizouse a conexión a internet mediante enlace de radio de alta velocidade.

1.2.4. Implicación no uso das TIC e en programas de innovación.

Tendo en conta a traxectoria do centro, boa parte do profesorado está a empregar diversos instrumentos e aplicacións TIC no seu traballo educativo cun nivel de competencia medio. A páxina web do centro é frecuentemente actualizada con información escolar e sobre actividades de interese para a comunidade.

A aula virtual é moi empregada por parte do profesorado como espazo para achegar contidos, materiais e actividades de traballo para o alumnado.

Parte do profesorado elabora materiais propios para a aula virtual e noutras plataformas para o uso directo na aula.

Os distintos niveis teñen integrada a competencia dixital nas programacións anuais e están a incrementar o uso de aplicacións informáticas e de traballo na web e na rede.

O profesorado participa frecuentemente en actividades de formacións relacionadas coas TIC para actualizar as súas competencias. A implantación dos proxectos ABALAR e E-Dixgal comprometeu ademais ao centro e ao profesorado na participación de actividades de formación.

O uso do correo electrónico para diferentes comunicacións, convocatorias, titorías, etc está totalmente asumido e asentado no traballo diario do profesorado.

O profesorado usa tamén as aplicacións de xestión educativa e profesional proporcionadas pola Xunta e Abalar-móbil para comunicar coas familias.

É frecuente o uso de diferentes aplicacións, materiais e recursos web nas actividades educativas do centro. Dependendo das necesidades de cada caso, o profesorado emprega recursos multimedia, actividades, aplicacións e contidos en liña, etc. En xeral, o grao de implicación do profesorado na integración das TIC no ensino e medio ou medio-alto, sen rexeitamento explícito das mesmas. Con todo, hai aspectos das novas tecnoloxías que poden ser cuestionados ou que necesitan unha mellor e máis adecuada implantación xeral para que sexan operativas e non supoñan máis carga de traballo ou mesmo dificulten a tarefa docente.

Algúns elementos a considerar de forma positiva ou con necesidade de mellora son:

Aspectos positivos das TIC:

- Facilitan enormemente a comunicación e o intercambio de documentos.
- As novas tecnoloxías poden mellorar o traballo cooperativo e participativo.
- Poden aumentar a motivación, o interese e a participación do alumnado.
- Poden potenciar a aprendizaxe significativa, a iniciativa propia, a autonomía e a creatividade.
- Existen moitas aplicacións e recursos para empregar na aula.
- Facilita a procura e a elaboración de información, como apoio ao aprendizaxe.
- Permiten a consulta e o traballo con contidos e actividades dentro e fora da escola.
- O seu uso mellora progresivamente a competencia dixital do alumnado.

Elementos de mellora:

- Pode ser difícil controlar a actividade TIC de toda a clase en todo momento, en especial no relativo ao acceso a contidos pouco apropiados ou que non forman parte da actividade a realizar. Sería necesario ver as posibilidades e formar nas ferramentas de control de aula.
- Poden crear distraccións e dispersión na procura de información e contidos. En ocasións isto pode supoñer perdas de tempo efectivo de traballo na aula.
- A facilidade de acceso ás redes sociais pode crear situacións comprometidas coas tarefas a realizar, coa privacidade e mesmo problemas escolares.
- Poden atoparse fontes de información pouco fiables ou parciais cando non se ten en conta a cualidade contrastada das mesmas.
- No caso de problemas de conexión á rede ou de erros informáticos poden provocar cortes e interrupcións non desexadas que entorpezan o proceso de ensino e as tarefas na aula.

1.2.5. Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23

O Plan Dixital de centro, unha vez aprobado polo Claustro e o Consello escolar será incorporado na PXA do curso 22/23.

As accións programadas no presente plan implicarán de forma activa á dirección do centro e ao profesorado de todos os niveis educativos na procura de acadar os obxectivos marcados no mesmo. O desenvolvemento do plan no vindeiro curso será transversal e integrador e pretende mellorar a competencia e a asunción das ferramentas dixitais como parte do proceso educativo para toda a comunidade escolar incluídas, no posible, as familias.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O presente Plan Dixital toma como referencia a seguinte normativa vixente:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

A Resolución do 3 de setembro de 2021 é de especial seguimento para a elaboración do presente plan tanto dende o punto de vista formal como conceptual na mellora da competencia dixital e na transformación dixital dos procesos de ensino-aprendizaxe promovendo a

integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimizando a xestión dos recursos humanos e materiais do centro.

1.4. Proceso de elaboración

O equipo de Dinamización do Plan Dixital, é o responsable da elaboración do presente plan coa colaboración e as achegas da comunidade educativa.

- Na primeira xuntanza de traballo analizamos os documentos e a normativa referente e fixemos unha posta en común para organizar o proceso e achegar aquelas ideas que nos parecían relevantes para contribuír ao seu desenvolvemento.
- Organizouse a realización do SELFIE e do CDD informando á comunidade educativa implicada de todo o necesario. Participamos nunha xornada de formación realizada polos equipos Adix sobre a elaboración da análise DAFO.
- Noutra sesión de traballo colaborativo na aula virtual do centro traballouse na realización da análise DAFO establecendo fortalezas, debilidades, ameazas e oportunidades.
- Asistimos a outra xornada de formación sobre a realización do Plan de Acción para establecer obxectivos e accións e sobre a elaboración do Plan Dixital final.
- Traballamos de forma colaborativa na aula virtual do centro para fixar obxectivos e acción de cara a elaborar o presente plan definitivo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A dotación xeral do centro na actualidade é boa con certas melloras posibles e pendentes. Contamos con equipos informáticos de profesorado, e proxector en tódalas aulas, moitas delas tamén con PDI. A dotación de despachos, secretaría, salas de profesores, departamentos e outras dependencias tamén é suficiente pero nalgúns casos mellorable coa actualización de equipos.

2.1.1. Conectividade, infraestruturas de voz e de datos

Todo o centro conta con conexión de rede de alta velocidade mediante radioenlace e conexión sen fíos mediante repetidores wifi na maioría dos espazos.

Na zona de secretaría están os armarios principais de rede. Nun deles está o encamiñador que vai á antena situada no tellado e que proporciona a todo o centro a conexión de alta velocidade mediante radioenlace. Neste mesmo espazo hai tamén dous servidores que proporcionan

diversos servizos de rede ao centro. O servidor ABALAR permite a clonación de equipos e o acceso ao repositorio local proporcionando actualizacións aos equipos. O sistema de telefonía do centro tamén é dixital (VoIP) e emprega o encamiñador do armario principal.

2.1.2. Equipamentos dispoñibles e servizos dixitais

Tódalas aulas están dixitalizadas e cando menos teñen ordenador de profesor con conexión a internet sen cables, proxector e pantalla branca ou EDI estando algunhas cubertas polos Kits Dixitais.

Nas aulas de 5º e 6º de primaria o alumnado conta con ordenadores portátiles pertencentes ao programa E-Dixgal que lles permiten o acceso ao libro dixital. Estas aulas están tamén dotadas con armarios de carga, EDI e proxector. O profesorado que o solicitou ten tamén un portátil E-Dixgal para as tarefas escolares.

O centro ten tamén unha aula TIC específica compartida no edificio novo. É unha aula de uso común na que se imparten as materias de TIC.

Hai tamén dotación básica de computadora, proxector e pantalla noutras aulas como bibliotecas, titoría (relixión) e música.

Todas as aulas de educación infantil contan con un equipo portátil como rincón de aula, co rato e altofalantes. Ademais temos asignadas varias táblets para educación infantil con apps adecuadas a idade dos máis pequenos.

O alumnado de primaria conta cun carro de tablets para o uso na aula.

A sala de profesorado contan con 2 equipos para o traballo con conexión a internet e impresión en rede en diversas impresoras e fotocopiadoras. Tamén hai equipos con internet e impresión en rede nos despachos de dirección, xefatura de estudos, orientación, e nos departamentos.

Existen no centro diversos equipamentos para a produción e reprodución multimedia como equipos de música, reprodutores de vídeo, cámara de fotos réflex, mesa de mesturas de son en primaria con micrófonos e soportes, gravadora de man...

A biblioteca conta con unha tableta dixital e 5 Ebooks, lectores de libros electrónicos.

Os servizos dixitais empregados con normalidade no centro son a páxina web, a Aula Virtual, E-Dixgal, Abalarmóbil, EspazoAbalar, sistemas de videoconferencia Webex e correo electrónico corporativo.

2.1.3. Xestión e mantemento.

A xestións de incidencias centralízase nun documento compartido e/ou por correo electrónico. Moitas delas poden ser solucionadas directamente pola coordinadora TIC/ E-dixgal ou polo equipo TIC do centro. Cando iso non é posible son derivadas ao Servizo de soporte premium de E-Dixgal ou á UAC segundo corresponda.

Para os equipos propios do centro, contamos con un servizo de mantemento informático a cargo dos gastos de funcionamento do centro. Asiste dous días a semana, os martes e os xoves.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Realizouse en primeiro lugar o test de autoavaliación SELFIE coa participación do equipo directivo, do alumnado de 5º e 6º de primaria e do profesorado correspondente.

Antes da realización do test explicouse ao profesorado a finalidade do mesmo e déronse pautas e consellos para realizalo recollidos da propia páxina da comisión europea.


Posteriormente realizouse o Test CDD de competencia dixital docente coa participación de todo o profesorado do centro aportando tamén a documentación necesaria. Os datos e indicadores recollidos serviron de base para a realización do DAFO do centro. Para elo analizáronse polo miúdo seleccionando os aspectos máis relevantes:

- As puntuacións obtidas en cada apartado ou o nivel de competencia resultante.
- As actuacións que nos pareceron prioritarias para o noso centro.
- A selección dun número realista e abarcable de items para a súa aplicación no vindeiro curso .

Realizaron o SELFIE:

	IMPARTE	PERSOAS REAIS		
Etapas Educativas	SI/NON	Equipo Directivo	Profesorado (+1 ano)	Alumnado (5º e 6º)
Primaria	SI	3	21	73

Resumo das áreas do informe SELFIE:



Test CDD: VER OS RESULTADOS DO CENTRO NO SEGUINTE ENLACE

<https://drive.google.com/file/d/1AID5dcS9yEF7UlbrsiYl6IkKF2PtVKSO/view?usp=sharing>

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

VER CADRO RESUMO NO SEGUINTE ENLACE :

https://docs.google.com/spreadsheets/d/17hBBJdP37L6iCJkQv7mQB2Td1PyPvU1LHMZ_KMj42sg/edit?usp=sharing

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

Na elaboración do plan de acción tratamos de buscar obxectivos prioritarios e realistas que fosen asumibles polos responsables no vindeiro curso escolar tendo en conta os medios, o tempo dispoñible e os recursos propios do centro. En xeral, os obxectivos que seleccionamos como prioritarios céntranse en:

- Mellorar a coordinación, información e integración da estratexia dixital no centro.
- Fomentar a creatividade e o intercambio de experiencias internas e externas
- Promover as novas modalidades de ensino e avaliación dixital.
- Mellorar a competencia dixital mesmo con equipamento de baixas e medias prestacións.
- Concienciar do uso seguro e como ferramenta educativa das TIC
- Mellorar a participación, información e colaboración coas familias

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Área/s de mellora: Liderado (A)						
OBXECTIVO 1: (1)	Promover a comunicación entre o centro e os titores/as coas familias mediante o uso das ferramentas Abalar				Acadado	x
Responsable:	Equipo Directivo e Coordinador Tics				a**cadado* *C	x
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de titores que realizan as comunicacións ás familias a través das ferramentas Abalar					
Valor de partida: (3)	60% dos titores					
Valor previsto e data: (4)	100% dos titores			21/12/2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1 : Fomentar o uso de Abalar Móbil e Abalar-Pro retirando todas as comunicacións do centro en formato papel.	Equipo Directivo	21/12/2022	Equipos informáticos para o Equipo Directivo.		Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Crear titoriais fara fomentar entre as persoas titoras e especialistas o uso das ferramentas Abalar e Abalar-Pro	Coordinadora Tics	21/12/2022	Dispositivos móbiles.		Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Potenciar o uso de Abalar e Abalar-Pro mediante o envío de notificacións periodicas	Titores e especialistas	21/12/2022	Dispositivos móbiles do profesorado.		Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Colaboración e redes (B)						
OBXECTIVO 2: (1)	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital				Acadado	
Responsable:	Responsable da biblioteca e responsable de actividades complementarias.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de colaboracións con outras entidades.					
Valor de partida: (3)	1 Colaboración, charlas videochamadas, etc					
Valor previsto e data: (4)	Unha colaboración por trimestre e nivel.			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Solicitar charlas do Plan Director da Garda Civil sobre protección de datos, redes sociais, contrasinais, etc .	O responsable de actividades complementarias.	30/06/2023	Pantalla dixital, proxector e equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Intercambiar experiencias con outro alumnado doutros centros e co IES Auga da Laxe vía Webex.	O responsable de actividades complementarias	30/06/2023	Pantalla dixital, proxector e equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
charlas ao alumnado sobre diferentes temas relacionados co proxecto de centro ou autores de libros vía webex.	O responsable da biblioteca escolar	30/06/2023	Pantalla dixital, proxector e equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestruturas e Equipos (C)						
OBXECTIVO 3: (1)	Utilizar a Biblioteca como un espazo de Robótica				Acadado	
Responsable:	Persoa coordinadora Tics, secretaria do centro e coordinadora da Biblioteca.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de tarefas con robótica.					
Valor de partida: (3)	Sen datos previos.					
Valor previsto e data: (4)	10 actividades de robótica			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Determinar con cantos robots conta o centro, numeralos e colocalos nun lugar fixo da Biblioteca.	Secretaria	30/06/2022	Bee-bots, M- boots		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Determinar o horario para que cada nivel faga uso do espazo de robótica.	Coordinadora de Biblioteca	15/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Crear co equipo Tics, actividades para traballar cos diferentes niveis de Ed. Primaria e Infantil.	Coordinadora Tics	30/06/2023	Papel contínuo, planchas de metacrilato, imaxes impresas e rotuladores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Avaliar co resto do profesorado titor as actividades propostas.	Coordinadora Tics	30/12/2022	Táboas de rexistro e avaliación das actividades.		Pendente	

Área/s de mellora: Desenvolvemento Profesional continuo (D)						
OBXECTIVO 4: (1)	Desenvolver proxectos colaborativos entre o profesorado empregando a rede Agueiro				Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo, Coordinadora Tics, profesorado das diferentes materias.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	N.º de proxectos compartidos empregando Agueiro					
Valor de partida: (3)	0 proxectos					
Valor previsto e data: (4)	1 proxecto por trimestre					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Valorar que tipos de contidos imos compartir, como organizalos e establecer unhas normas básicas do funcionamento de Agueiro.	Titores e especialistas	30/06/2023	Rede Agueiro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formar ao profesorado nos elementos básicos da rede Agueiro.	Plan de Formación do Profesorado	30/06/2023	Rede Agueiro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Elaborar proxectos trimestrais e avaliar o seu contido e funcionalidade co alumnado.	Titores e especialistas	30/06/2023	Rede Agueiro. Proxectos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía: Implementación na aula (F)						
OBXECTIVO 5: (1)	Empregar na aula e na Biblioteca do centro libros dixitais para fomentar a lectura e mellorar a comprensión lectora.				Acadado	
Responsable:	Coordinadora Tics e Coordinadora da Biblioteca				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Libros dixitais e textos introducidos para lectura dixital					
Valor de partida: (3)	5 libros dixitais e 15 textos introducidos					
Valor previsto e data: (4)	Un libro dixital por aula.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Valorar presupostos para comprar ou solicitar de varios libros dixitais.	Secretaria	30/09/2022	Un libro dixital por aula.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Valorar os títulos máis interesantes para cada nivel.	Coordinadora da Biblioteca	30/09/2022	Equipo informático da Biblioteca		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Introducir as credenciais ao alumnado e libros asignados a cada alumno na biblioteca virtual.	Coordinadora Tics	30/10/2022	Equipo informático da Biblioteca.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía: Implementación na aula (F)						
OBXECTIVO 6: (1)	Crear un aula virtual para adaptar actividades de aprendizaxe dixitais ás necesidades do alumnado con necesidades educativas.				Acadado	
Responsable:	Departamento de Orientación				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de actividades adaptadas					
Valor de partida: (3)	0 actividades adaptadas					
Valor previsto e data: (4)	5 actividades adaptadas en todas as materias implicadas.			Ao trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Convocar reunión do DO para a selección do alumnado que será necesario facer adaptación das actividades e materias implicadas.	Orientadora	30/09/2022	Expedientes do alumnado, ACIs		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Convocar reunión do DO co equipo docente para a selección de actividades ou contidos a adaptar	Xefa de Estudos	30/09/2022	Programacións de nivel , ACIs		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Introducir as actividades na aula virtual	Titores, PT, AL	30/06/2023	Licencias, software específico,		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía: Implementación na aula (F)						
OBXECTIVO 7: (1)	Empregar na aula Dixit				Acadado	
Responsable:	Coordinadora Tics				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Contidos compartidos coa plataforma de contidos dixitais Dixit					
Valor de partida: (3)	Sen datos previos					
Valor previsto e data: (4)	5 recursos por nivel					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Poñer en coñecemento do profesorado o catálogo de contidos dixitais en Dixit	Coordinadora Tic	30/09/2022	Proxector e equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Seleccionar diferentes contidos adaptados á materia e subilos á Aula Virtual do nivel.	Titores e especialistas	30/06/2023	Aula Virtual, por materias e nivel.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Avaliar se os contidos propostos resultaron atractivos para o alumnado e melloran as súas competencias.	Coordinadora Tics, Titores e especialistas	30/06/2023	Equipos do profesorado. Táboa de avaliación		Realizada	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O equipamento e infraestruturas existentes son insuficientes con importantes carencias en certas aulas e espazos que sinalamos a continuación.

Equipamento de aulas e espazos.

- As aulas de infantil e primaria (Non E-Dixgal) teñen tamén polo xeral equipos con moitos ou bastantes anos e de baixas ou medias prestacións e/ou proxectores antigos e de pouca potencia.
- As tres aulas de Educación infantil e as de primeiro, segundo e terceiro carecen de pizarra dixital.
- As salas de profesorado e despachos de dirección teñen algúns equipos bastante antigos tamén.
- Os equipos de secretaría levan moito tempo sen renovar. Sería necesario repoñer equipos obsoletos e actualizar outros equipos aumentando a memoria RAM.

Hai certas melloras que poden ser tidas en conta:

- Sería de interese un sistema de control de tempo de uso con posibilidade de configuración polas familias nos equipos do alumnado E-Dixgal e un filtro de contidos na rede para evitar accesos non desexados ou pouco recomendables. (Redes sociais, apostas, adultos...)

Mantemento e arranxo de equipos. A solución de incidencias do equipamento E-Dixgal funciona normalmente con bastante solvencia e rapidez. Non pasa o mesmo cando se trata de solucionar ou substituír os equipos doutras aulas que nos dín que non teñen arranxo e non se repoñen por parte da UAC: . Sería desexable que mellorase isto e que os prazos de renovación de equipamentos fosen menores.

O centro conta cun certo número de equipos mercados ou procedentes de doazóns de empresas e que están en uso pero non teñen soporte oficial. É por isto que o arranxo ou solución de problemas neste equipamento faise cunha empresa externa ao centro cando consideramos que non se debería invertir nestes menesteres os gastos de funcionamento do centro.

4. Avaliación do plan

4.1 Seguimento do Plan de Acción

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecucións de obxectivos realizarase do seguinte xeito:

- **Avaliación inicial:** *Reunión de inicio de curso para organizar a posta en marcha e participación e exposición na CCP e claustro inicial.*

- **Avaliación do proceso:** realizarase unha vez ao trimestre unha enquisa entre o profesorado e alumnado valorando o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- **Avaliación final:** realizarase ao finalizar o ano académico, no mes de xuño. Quedará recollido na memoria diferentes aspectos como o logro dos obxectivos, a adecuación aos diferentes niveis, a valoración da temporalización, a frecuencia da súa realización e as propostas de mellora.

4.2 Propostas de mellora (revisión)

Ao finalizar o curso escolar a coordinadora de Tics revisará todas as memorias presentadas e elaborará unha táboa coas propostas de mellora, que entregará ao equipo directivo.

5. Difusión do plan

- O Plan será presentado ao claustro e aprobado en Consello Escolar antes do 30 de xuño.
- Crearase na páxina web un apartado específico dentro do marxe esquerdo, xunto co resto dos documentos do centro.
- Daremos difusión e publicidade ao Plan Dixital remitindo, no mes de xullo, unha mensaxe ás familias por Abalar co enlace correspondente.
- O Plan Dixital é un documento vivo, co cal cando acordemos ao final de cada trimestre, tras a oportuna valoración, algunha modificación ou novos obxectivos de acción serán publicitados seguindo o esquema anterior.